

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA
E O CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO PARA ACTUACIÓNS
URXENTES DE REPARACIÓN NO CAMIÑO FRANCÉS POLAS CHOIVAS
ACONTECIDAS NOS ÚLTIMOS MESES**

En Santiago de Compostela, 22 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, **Dona María Nava Castro Domínguez**, directora de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento polo Decreto 159/2016, do 24 de novembro (DOG núm. 226, do 25.11.2016) e conforme as facultades que lle confire o artigo 5 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial.

Doutra parte, **Don Jose Luís Raposo Magdalena**, en nome e representación como Alcalde Presidente do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con CIF P 2704500 D, sito no Camiño Francés, con domicilio en Praza de España, 2. 27670 Pedrafita do Cebreiro (Lugo).

As partes, no nome e representación na que concorren recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para este acto, e a tal efecto,

EXPOÑEN

Primeiro. O Camiño de Santiago é a ruta de peregrinación máis importante do Vello Continente, encontro de culturas e orixe da unidade de Europa.



O Consello de Europa, na súa declaración do 23 de Outubro de 1987, manifesta que a dimensión do humano da sociedade, as ideas de liberdade e de xustiza e a confianza no progreso son principios que foron conformando historicamente as distintas culturas que integran a propia e peculiar identidade europea. Esa identidade cultural fíxose posible pola existencia dun espazo europeo cargado de memoria colectiva e cruzado por camiños capaces de superar as distancias, as fronteiras e as linguas. Que a fe que animou os peregrinos no curso da historia e que os xuntou nun alento común, por riba das diferenzas e dos intereses nacionais, nos impulse tamén nesta época, particularmente aos mozos, a seguir percorrendo estes camiños para acadar unha sociedade fundada na tolerancia, a liberdade e a solidariedade.

O Camiño Francés foi declarado o Primeiro Itinerario Cultural Europeo, Ben de interese cultural, e Patrimonio da Humanidade e por tanto, non só o Camiño mais importante dos que levan a Santiago senón tamén o mais transitado e o que necesita un valor mais alto de protección así como unha atención aos peregrinos continuada sobre todo na época estival.

Segundo.- Os artigos 73 e seguintes da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia regulan os Camiños de Santiago, dispoñendo no seu artigo 75 que as rutas dos Camiños de Santiago que sexan incluídas na Lista do Patrimonio Mundial da Unesco terán a consideración de bens de interese cultural.

Terceiro.- O artigo 1 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, dispón que se crea a Axencia Turismo de Galicia como axencia pública autonómica, e terá como obxectivo impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade e a conservación e promoción dos camiños de Santiago.

O artigo 9 dos seus estatutos establece as funcións e competencias da Axencia para acadar os seus obxectivos, dispoñendo na súa alínea i) que lle corresponde *“a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico do Camiño de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da*

rede de albergues, e o mantemento e conservación dos camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde en beneficio do Camiño de Santiago”.

Cuarto.- Os municipios de Arzúa, Melide, Monterroso, Palas de Rei, Paradelas, Pedrafita do Cebreiro, O Pino, Portomarín, Samos, Sarria e Triacastela, todos das provincias de Lugo e A Coruña, son os concellos polos que transcorre a ruta do Camiño Francés.

Os concellos de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, teñen competencias en materia de turismo.

Quinto.- Desde o mes de novembro de 2017, unha vaga de choivas continuadas causou graves danos no Camiño Francés. Resulta urxente levar a cabo todas aquelas actuacións que permitan o arranxo de tales danos e o acondicionamento do Camiño Francés polo seu paso polos concellos galegos, aos efectos de que este se atope en óptimas condicións para o tránsito das persoas peregrinas, unha vez chegue a época estival, momento no que a afluencia de peregrinos/as é maior.

Sexto.- A Axencia Turismo de Galicia, no exercicio das súas competencias, está interesada en colaborar, co outorgamento dunha subvención directa, co concello de Pedrafita do Cebreiro, para levar a cabo todas as actuacións urxentes para a reparación dos danos derivados das choivas dos últimos meses no Camiño Francés, ao seu paso polo citado concello, de xeito que se recupere o estado do trazado do Camiño aos efectos de que este se atope nas mellores condicións para o paso dos/as peregrinos/as.

Os concellos galegos do Camiño Francés e a Axencia Turismo de Galicia están interesados en colaborar para a revalorización do Camiño, a súa mellora e conservación, e a prestación dunha mellor atención aos peregrinos que pasan a noite nos mesmos a través dunha atención e información ao peregrino, así como o desenvolvemento de actividades de promoción, culturais e turísticas que contribúan a súa posta en valor o mesmo. Concorren así, aos efectos do establecido nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo

Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, razóns de interese público para o outorgamento da subvención. Así mesmo, dada a especialidade do obxecto do convenio, non procede a realización dunha convocatoria pública ao ser o concello arriba o único competente para a realización do mesmo.

En atención a todas estas consideracións, as partes asinantes consideran de interese a sinatura deste convenio de colaboración, de conformidade coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio definir os termos de colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e o concello de Pedrafita do Cebreiro, para a realización das actuacións urxentes de reparación dos danos no Camiño Francés, ao seu paso polo citado concello, ocasionados polas choivas dos últimos meses.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para as actuacións obxecto do presente convenio ascende a 56.122,66 €.

A Axencia Turismo de Galicia alcanzará a contía de **41.800,00€**, con cargo aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0 dos orzamentos da Axencia para o ano 2018, proxecto 2016 00002. Esta contía constitúe o importe máximo da subvención, quedando por conta do concello a posible diferenza de financiamento necesario para a execución do obxecto do presente convenio. (A achega da Axencia fíxase como un importe certo e sen referencia a unha porcentaxe ou fracción do orzamento estimado, aos efectos do disposto no artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de Esta achega canalizarase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

A Axencia Turismo de Galicia procederá ao pagamento da subvención a favor do Concello, unha vez que esta entidade presente a xustificación das actuacións realizadas e se comprobe a axeitada xustificación así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade da subvención.xaneiro).

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir **do 1 de xaneiro de 2018**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

De conformidade co artigo 29.7 da Lei de subvencións de Galicia, os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrals e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado e os de administración específicos son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.


CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. O **concello**, como entidade beneficiaria da subvención, asume as seguintes obrigas:

- A realización das actuacións establecidas na cláusula primeira.
- Incluír en toda a documentación ou soportes empregados na realización das actuacións subvencionadas, a colaboración da Xunta de Galicia - Turismo de Galicia, así coma a marca “Galicia”, regulada por Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización.
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.

- Comunicar á Axencia Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Acreditar ante a Axencia Turismo de Galicia o cumprimento do deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio, conforme o indicado no artigo 4 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, unha declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.
- Subministrar á Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

2. A **Axencia Turismo de Galicia** comprométese a colaborar no financiamento do custe das actuacións previstas a través do outorgamento dunha subvención polo importe establecido na cláusula segunda.



QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL


A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións de ningunha das liñas subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia Turismo de Galicia. O concello será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO

1. A xustificación dos fondos efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa de acordo co disposto no Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, de acordo cos artigos 8 e 9 do mesmo, o concello deberá achegar:

a) Memoria xustificativa das actuacións realizadas.

b) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e praxe do/a alcalde/alcaldesa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:



1º. O cumprimento da finalidade da subvención.

2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acreedor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación de obra de se lo caso, importe data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Non se esixe a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

c) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.

d) De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O prazo para xustificar por parte de cada concello a aplicación dos fondos percibidos remata o **15 de setembro de 2018**.

3. Conforme ao establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, que regula especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, esta documentación **incorporará, en todo caso, a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma en razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.**

4. Á vista desta documentación, o órgano competente da Axencia Turismo de Galicia, expedirá certificación acreditativa do cumprimento dos fins obxecto do convenio e tramitará o seu pagamento.

5. Se o investimento xustificado fose menor ao previsto no orzamento estimado contido na cláusula segunda deste convenio e sempre que se cumpra coa finalidade para a que se concedeu a subvención, procederá o pagamento da subvención na contía que sexa obxecto


de xustificación. Así, e de conformidade co disposto no citado artigo 21.2 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, só deberá ser reintegrada (ou, no seu caso, minorada a achega da Axencia) unicamente polo importe que supere o custo total da actividade.

Ao abeiro do disposto no artigo 3 do Decreto 193/2011: “1. Con carácter xeral, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local. As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos realizados no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria das beneficiarias de cada un dos aboamentos das subvencións concedidas.

2. Non obstante, no caso de realizarse pagamentos anticipados como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións subvencionadas, considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado pola entidade local beneficiaria con anterioridade á finalización do período de xustificación determinado pola normativa reguladora da subvención.”

Porén, exceptúanse do disposto nos parágrafos anteriores, aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflecta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. A entidade subvencionada quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidez nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario.

6. No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, o concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia.



7. A Axencia Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

OITAVA.- SUBCONTRATACIÓN

O concello poderá concertar con terceiros a **execución total** das actuacións que constitúen o obxecto da subvención. A contratación será realizada por cada concello conforme a normativa de aplicación no ámbito local e, especificamente, a que rexe as contratacións das administracións públicas, e será cada concello o responsable directo das consecuencias que dos incumprimentos puidesen derivar. En todo caso haberá que aterse ao establecido nos artigos 27 e 29.3 da Lei de subvencións de Galicia.


NOVENA.- PAGAMENTOS ANTICIPADOS E A CONTA

Conforme ao artigo 6.1.Un do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, a Axencia Turismo de Galicia poderá realizar **pagamentos anticipados** por importe máximo do 80%, do importe de 18.000€ da subvención concedida, e sen que se supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, e dun 10% adicional sobre a subvención concedida que supere os 18.000€.

Estes anticipos supoñerán a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

Poderanse realizar **pagamentos a conta** conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os ditos pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, pagándose por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe establecida a continuación. A suma dos pagamentos a conta máis os anticipos non será superior ao 80% das porcentaxes



subvencionadas correspondente aos pagamentos xustificados, nin excederá da anualidade prevista en cada exercicio orzamentario, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

Para proceder ao seu pagamento, o concello deberá enviar a documentación xustificativa. Os primeiros gastos xustificados servirán de xustificante do pagamento anticipado realizado. Unha vez xustificada a totalidade do anticipo, os seguintes gastos abonaranse mediante o sistema de pagamento a conta ata o límite do 80% referido.

Conforme ao artigo 65.4.c do decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia **o concello queda exonerado da constitución de garantía para os pagamentos anticipados e a conta.**

DÉCIMA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subVENCIÓN nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas o Concello deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución créase unha Comisión de Seguimento para que, de mutuo acordo, resolva o procedente e que estará integrada por un representante designado polo concello e un representante designado pola Axencia Turismo de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Ao abeiro do disposto no artigo 7 do Decreto 193/2011, a entidade beneficiaria da subvención deberá presentar a solicitude de modificación da subvención concedida cunha antelación mínima dun mes. A modificación deberá respectar o obxecto da subvención, as actividades subvencionadas e evitar actuacións deficientes ou incompletas. A solicitude deberá acompañar a documentación establecida no apartado 4 do citado artigo 7:

- a) Memoria xustificativa, na cal ademais se faga constar que non se desvirtúa o proxecto subvencionado, que non suporá unha actuación deficiente e que se cumpre co obxectivo da resolución da concesión.
- b) Orzamento ou proxecto modificado.
- c) Relación e identificación concreta dos cambios introducidos en cadro comparativo.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO TERCEIRA.- RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- O acordo unánime de tódolos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio

DÉCIMO CUARTA.- NATUREZA XURÍDICA, RÉXIME XURÍDICO E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fora do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que os exclúe expresamente o artigo 6.1.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; o Decreto 193/2011, de 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas en dereito administrativo aplicables ou, no seu defecto, polas derivadas do dereito privado.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir coa interpretación, resolución e efectos do presente convenio serán resoltas pola persoa titular da Dirección da Axencia Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa e contra elas poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela, segundo o disposto na Lei reguladora da dita xurisdición.

DÉCIMO QUINTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en adiante) comunicárase a subscripción deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que operará como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO SEXTA.- AUTORIZACIÓN E CONSENTIMENTO PARA QUE SE PUBLIQUEN OS DATOS PERSOAIS E DEMAIS ESPECIFICACIÓNS QUE FIGURAN NO CONVENIO

Coa sinatura do presente convenio as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal contidos no convenio.

DÉCIMO SEXTA.- VIXENCIA


O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018.

E, en proba de conformidade, e previa á súa lectura, ambas as dúas partes firman por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

POLA AXENCIA TURISMO
DE GALICIA


Mª Nava Castro Domínguez

POLO CONCELLO DE PEDRAFITA
DO CEBREIRO


Jose Luís Raposo Magdalena

